

O enigma da proba de equitación

Parte 2



Sofía Castiñeira Mozzhuga

Tal vez só son as miñas ganas de saír deste lugar. En voz baixa, case por señas, indícolle a Nico que volva a emprender o camiño. Pouco a pouco, mortos de medo saímos da cova. Pero a paisaxe que se estendía diante nosa non nos axudou moito. Diante nosa, abríase un deserto quente e abrasador. Aquelo era demasiado, primeiro unha cova sen fin e agora un deserto infinito.

- Perfecto - exclamo sen forzas - isto era o último que quería.

- Tranquila, verás como ó final saímos de aquí. Só é un exame, non unha proba ate a morte.

- Para ti é moi fácil dicilo...

- Perdoa??? Que eu teño un nocello mal, e case non podo camiñar.

Pero aínda é moi cedo para admitilo. Axúdolle a Nico a subir sobre Aurelia e empezamos a travesía. A calor é asfixiante, pero non temos outra saída.

Non pode ser detrás nosa levántase unha nube de pó. Isto débese a que a figura que nos leva seguindo está correndo detrás nosa sobre un cabalo.

- Corre!!! - bérrolle a Nico - A figura perséguenos!!!

- Non pode ser - exclama Nico -. Que lle fixemos nos?

- Non o sei, pero non parece ter moi boa intención...

Entre as dunas entrevexo unha casa medio desfeita.

- Se chegamos alí, estamos salvados- sinalo eu.

Pero nese momento todo ocorreu moi rápido. Perdín o equilibrio e caín do cabalo, a figura apareceu diante nosa e impediu que avanzásemos. E dende alí non recordo nada. Todo volveuse negro...

Espertei nun lugar que nunca vira. Nun cuarto no que nunca antes estivera, con moi pouca luz e sen mobles. Espertei tirada no chan, un chan de cemento coma as paredes. Levanteime de súpeto e busquei a Nico coa mirada. Non estaba!!! O que me faltaba, non só estou nun sitio que non coñezo, e agora estou soa. Peor sorte que a miña? Imposíbel.

Busco a porta coa mirada, nada. Algunha ventá, tampouco. Levantei a vista arriba e vin un teito con vigas de madeira e... unha pequena trapela. Sería a miña maneira de saír, se as paredes tiveran algún saínte donde apoiarme para chegar ao teito. Pero nada...

Pode parecer unha tolemia, pero tal vez sexa posible facer un salto perfecto para alcanzar a trapela. Salto cara arriba e intento chegar cos pés á parede. Se fallo a caída pode ser mortal. Estiro unha perna e consigo tomar impulso durante uns segundos. Sigo ascendendo e... oh, no!!! Os meus dedos rozan as vigas, pero non conseguen aferrarse á madeira. Prepárome para a caída. Pero no último instante logro sostirme nas vigas.

Con un pouco de tempo consigo abrir a trapela cos pés e saír fóra e sentarme no teito. Observo a paisaxe que me arrodea, estamos no medio do deserto. Ao lado miña hai outras dúas naves coma na que me atopaba encerrada. Debaxo miña, atópanse prendidos os nosos cabalos. Despois irei libéralos, pero antes debo encontrar a Nico. Collo aire e salto ata a nave que está ao lado desta. Aterrizo a uns centímetros de caer no chan. Miro a través do cristal da trapela e busco a Nico coa mirada. Nada!

Decido saltar á seguinte nave para ver se está en esa. Volvo a ollar para adentro, e agora si que teño sorte. Abro a trapela chamo a Nico:

- Nico!!! Aí estás
- Como saíches destes cuartos?
- Contareicho en outra ocasión, agora tes que saltar.
- Nin de broma podo alcanzarte dun salto. É imposíbel.
- Pois xa me dirás como saír.

Quedei pensando como sacar a Nico de aquel lugar. Descolgueime pola trapela e agarreime a unha das vigas que cruzan o teito, pensando en saltar e dende abaixo buscar unha posíbel solución. Entón dinme conta de que unha delas era unha corda trenzada ente si. Díxenlle a Nico que agardase un momento e, con moito coidado, conseguín tirar un extremo da corda cara abaixo. Despois de uns minutos de escalada, estabamos os dous sentados no teito da nave.

- De verdade que saíches dunha nave desas **saltando**?
- Sí- respondo preocupada-, pero iso non é o que importa agora. Non sabemos quen son esas persoas nin que queren de nós. Así que o máis sensato é marchar de aquí canto antes.

Botamos a corda pola parade e baixamos. Ao cabo duns minutos xa volvíamos a pisar terra firme. Con moito coidado liberei a *Lóstrego* e estaba a punto de subir, cando vin no chan un pequeno colgante cunha esfera negra e estrelas da mesma cor. Pensativa gardeino no peto do chaleco. Cando estaba xa enriba do cabalo, dinme conta de que non sabiamos para donde tiñamos que ir. Comenteillo a Nico e quedamos pensando niso uns segundos, ata que me decatei de que non moi lonxe de dónde nos atopábamnos parecía haber un bosque, probablemente a continuación da nosa ruta.

Decidimos ir cara alí, entre tanto o sol xa se puña e só quedaban uns tristes raios de luz. Entón percatámonos de que non nos debía de quedar moito tempo para chegar a tempo ao final. Botamos a galopar o máis rápido que podíamos a través do bosque que xa alcanzáramos.

Deberan pasar uns vinte minutos cando comezamos a ver as luces do que parecía o campamento no que íamos pasar a noite. Cada vez íamos acercándonos máis, ata podía ver con claridade ás profesoras Carla e Marta falando no medio das tendas. Entón escoitei un berro afogado de Nico:

- Só quedan dez segundos.

O tempo non ía ser dabondo para chegar a tempo, polo que botamos a galopar o máis rápido posible, pero aínda así era case imposíbel.

Nove.

Non podía ser aínda quedaban uns douscentos metros por diante.

Oito

Galopo cada vez máis de prisa, pero a distancia é inevitábel.

Sete

Seis

Non pode acabar todo así, expulsada por non acabar unha proba a tempo.

Cinco

Catro

Tres

Pode que sexa posíbel

Dous

Un

Cero!!!

Xusto un segundo despois cruzamos a meta. Paramos cun derrape, e comezo a asumir o que acaba de acontecer. Carla chega a nós con paso rápido e pregunta porque tardamos tanto, normalmente os alumnos acaban co tempo sobrando. Xusto nese momento colar que recollín cae do meu peto.

- Tareixa- murmura ao velo-, donde atopaches iso?

Relátolle a historia, evitando a parte en que salto fóra da nave, e parece comprendelo todo, pide indicacións da localización das naves e mándanos a durmir.

- Mañá explicaréivolo todo - di cun sorriso -, non vos preocupedes, non fixestes nada malo. Todo o contrario.

Cando entro na tenda de campaña, Ana xa está preparando todo para cear.

- Que día máis intenso, non si?- pregunta cun sorriso que me encanta.

- Claro que si. Recordo o que che dixen está mañá. Que equivocada estaba!!!

Rimos as dúas a gargalladas, contámonos as nosas aventuras. Cando estou con A na sinto que nada me preocupa; é como estar noutra dimensión, só nos as dúas, sen problemas, sen nada que poida ser molesto.

Á mañá seguinte volvemos para a academia e reúnennos a todos para explicar o que sucedera onte. Resulta que os que nos apresaran a Nico e a min, eran o clan de Noguretschu. Facía anos que se pensaban desaparecidos. Adicábanse a secuestras xinetes da academia para pasalos ao seu bando e, así un día conquistar a illa.

Cando saímos da aula, cruceime con Nico. Aquela vez, non fixeron falta palabras, unha mirada e, comprendín que todo o relacionado coa miña capacidade paranormal para saltar quedaba en segredo. Un segredo para sempre, só entre nos os dous, no que ninguén podía inmiscuirse.

Pasan os días e todo volve á normalidade, entrenos todos os días e algunha clase pola tarde. En segredo, ás veces practico os meus saltos a escondidas. Non quero que ninguén o saiba por medo a que dirán. Pode que non sexa o correcto, pero por agora todo seguirá así. De todos modos quen quere ser un libro aberto?

Gústame a miña vida así, aínda que non todo o clan Noguretschu esteña preso, síntome segura e a salvo aquí. Cos meus amigos, co meu cabalo, e contigo querido Diario Dario. Doulle infinitas grazas a Ana por propoñer que escriba un diario, nunca se me ocorrera e, axuda a pensar e reflexionar os pensamentos. Quen sabe, ata un día alguén o lerá, cando sexa unha xinete experta e compita en grandes premios.

Para sempre túa

Tareixa